



## INSTRUCCIÓN Nº 03/20162017

### **CIRCULAR DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE RELATIVA AO PROTOCOLO A SEGUIR PARA A ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS GALEGOS NA TEMPADA 2016/2017**

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia configura ás federacións deportivas galegas como entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. As federacións deportivas galegas, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exercen, en virtude da propia lei do deporte de Galicia, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4. No exercicio destas funcións públicas de carácter administrativo, as federacións actúan como axentes colaboradores da Administración baixo a súa tutela e coordinación. Entre estas funcións públicas delegadas que exercen as federacións atópase a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas (artigo 56.4 b da Lei do deporte de Galicia). A estes efectos, co fin de coordinar o exercicio desta función delegada e garantir o seu adecuado exercicio dítase a presente circular. Mediante esta circular regularanse aqueles aspectos mínimos a cumprir durante a preparación e celebración de cada un dos Campionatos Galegos da Xunta de Galicia.

**As federacións galegas deberán enviar á Secretaría Xeral para o Deporte, antes do 15 de decembro de 2016, a relación dos campionatos galegos previstos para a próxima tempada, indicado para cada un deles o seguinte:**

1. Previsión de campionatos, sede e data de celebración.
2. Sistema empregado para a organización dos mesmos en caso de non ser organizados directamente pola Federación (convenios con entidades deportivas...etc).
3. Criterios de clasificación para o acceso ao Campionato Galego.
4. Previsión de participación.
5. Orzamento do evento. Contemplando a previsión de ingresos e gastos desagregados por conceptos.

**Con carácter xeral na organización de cada Campionato Galego deberánse cumprir como mínimo os seguintes aspectos:**

- a) Elaboración dun programa do evento.

Este programa será enviado á Secretaría xeral para o Deporte cunha semana de antelación, indicando lugar de celebración, actos previstos, horarios, datos de participación e calquera outra información de interese.



b) Realización dun acto de presentación do evento.

A Secretaría xeral para o Deporte será informada con polo menos cunha semana de antelación do lugar e data do devandito acto, onde o organizador e/ou a federación galega asegurará a presenza no mesmo da Secretaría xeral para o Deporte .

c) Publicidade do evento.

Deberán utilizarse diferentes medios de publicidade segundo dispoñibilidade, co obxectivo de lograr a maior difusión posible do evento entre a poboación. Será necesario a revisión e autorización previa por parte da Secretaría xeral para o Deporte dos materiais elaborados especificamente para tales eventos, como puidera ser o caso da cartelería, traseras dos podiums, arcos de meta... etc, garantindo así o cumprimento do establecido manual corporativo.

d) Envío á Secretaría xeral para o Deporte das correspondentes invitacións ao evento e ao acto de entrega e/ou peche.

e) Envío das notas de prensa para a súa publicación na web da Secretaría Xeral para o Deporte. Será necesario unha nota de prensa previa e outra unha vez finalizado o evento.

f) Entrega dunha memoria do evento incluíndo achega fotográfica e relación de ingresos e gastos detallados por conceptos.

Todas as comunicacións recollidas nesta circular fora das invitacións, serán enviadas por correo electrónico á Subdirección xeral de Plans e Programas na dirección [subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal](mailto:subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal) así como á dirección [ramon.munin.tojo@xunta.gal](mailto:ramon.munin.tojo@xunta.gal) do técnico responsable da supervisión dos Campionatos Galegos das diferentes modalidades e especialidades deportivas nesta nova tempada 2016-2017.

Finalmente cabe indicar que o obxectivo da presente circular é lograr unha mellora na promoción e fomento do deporte galego tratando así de beneficiar a todos os axentes participantes, agradecendo de antemán a colaboración de todas as federacións deportivas de cara a unha óptima organización dos próximos campionatos galegos mediante o cumprimento da presente circular, toda a vez que ha organización das competicións oficiais autonómicas federadas e conforme ao establecido en vigor son unha función publica delegada exercida en réxime de exclusividade polas federacións.

En Santiago de Compostela, a 8 de novembro de 2016

A Subdirectora xeral de Plans e Programas

Laura Mosquera Escudero

